

FERROL

LUGARES DE INTERESE

- 1 Ponte de pedra
- 2 Pazo de Raxoi
- 3 Convento de Santo Agostiño
- 4 Igrexa das Virtudes
- 5 Igrexa de Santiago
- 6 Praza de San Roque
- 7 Torreón dos Andrade
- 8 Praza Real
- 9 Xardíns de Lombardero
- 10 Castelo de Andrade
- 11 Ermida San Miguel de Breamo
- 12 Fragas do Eume

XARDÍNS DE LOMBARDERO
Antiga horta do pazo. Xardín público desde 1917.

ALBERGUE DE PEREGRINOS

TORREÓN DOS ANDRADE
S. XIV. Arquitectura militar medieval de Galicia. Formaba parte do antigo complexo da casa-pazo dos Andrade.

OFICINA DE TURISMO

PRAZA REAL
Antiga Praza do Rolo, despois Praza Real, presente desde a fundación da vila en 1270 e ampliada en 1617 tralo incendio de 1607. Casa Consistorial.

IGREXA DE SANTIAGO
S. XVI e XVIII. Capela maior de bóveda estrelada gótica e retablo renacentista. Fachada barroca e interior clasicista.

ERMIDA SAN MIGUEL DE BREAMO
Ermida románica rematada en 1187, formaba parte dun antigo mosteiro. Situada no alto do monte Breamo.



PRAZA DE SAN ROQUE
Espazo fóra da antiga muralla contiguo a unha das súas portas. Tivo unha capela desde o século XVI ata 1840.

IGREXA DAS VIRTUDES
S. XIV e XVII. Retablo maior barroco, do s. XVIII.

PAZO DE RAXOI
S. XVIII. Fachada con elementos típicos da escola compostelá e influencia francesa, máis clasicista.

CONVENTO DE SANTO AGOSTIÑO
S. XVI. Claustro renacentista, fachada barroca. Actualmente Casa da Cultura.

CASTELO DE ANDRADE
1369-1377. Construído por Fernán Pérez de Andrade "o Boo", domina coa súa torre da homenaxe a ría de Ares e vila de Ponte deume.

FRAGAS DO EUME
Maior bosque atlántico costeiro de Europa.

A CORUÑA



TORREÓN DOS ANDRADE

“Nolite Nocere” (Non fagas dano)

Chamado “torreón” é unha torre da homenaxe que formaba parte do complexo da antiga casa-pazo dos Andrade, construído posiblemente por Fernán Pérez de Andrade, o Boo, despois de converterse en señor de Pontedeume en 1371.

Está dividido interiormente en catro plantas e unha terraza, podendo destacar as súas ventás oxivais e xeminadas, con pedra calada que debuxa nalgún caso un pentagrama, símbolo para os cristiáns dos cinco estigmas de Cristo.

Testemuña do convulso século XV coas revoltas irmandiñas, a torre comezou un período de progresivo deterioro desde o s.XVI.

No século XIX funcionou como cárcere. En 1905 o Concello fíxose coa propiedade do pazo, derrubando en 1911 unha parte das construcións que o conformaban para abrir a estrada cara a estación de ferrocarril. Nos anos 30, trala desaparición do pazo, trasladouse o escudo á cara sur do torreón. En 1951 e 1974 realizáronse dous proxectos de restauración. Con posterioridade a este ano creouse o actual Centro de Interpretación dos Andrade.



Escudo de Don Ginés Ruiz de Castro Andrade y Portugal

Realizado a finais do século XVII. Contén as armas dos Castro (seis roeles), Enríquez de Castela (león e castelo), Silva (león rampante), Mendoza (cadea) e a banda coa lenda piadosa Ave María dos Andrade, un anxo sostendo unha filacteria coa divisa NOLITE NOCERE (“non fagas dano”), a coroa condal, as dezaoitto bandeiras flordelisadas, gañadas por Fernando de Andrade, primeiro conde de Andrade e o colar da Orde do Toisón de Ouro, fundada polo Duque de Borgoña Filipe o Bo que Carlos II lle concedeu a don Ginés. Está rodeado de follas grandes, quizais de carballo, e conta tamén cunha cuncha entre grandes follas e adornos florais que sosteñen a coroa. Nos extremos da parte superior vense dúas figuríñas á maneira de alfís do xadrez. E todo o conxunto está rematado por unha sinxela cenefa.



Terraza

Na terraza víxíabanse os arredores e defendíase o foxo mediante pequenas garitas. Actualmente, ademais de poder ver o coroamento, desde os seus 18 metros de altura pódese contemplar a vila, a ría ou mesmo o castelo no alto de Nogueirosa.



3ª Planta


Nela estaba a estancia do señor, xa que era a máis segura e comfortable. Podemos contemplar nela unha cheminea e dúas fiestras góticas.

Nesta planta, a historia dos Andrade vese ampliada visualmente a través das maquetas da ponte de pedra sobre o Eume, do torreón actual e do castelo de Nogueirosa nos séculos XIV-XV. Ademais disto, está situada a exposición permanente de gravados de Julio Prieto Nespereira, fillo adoptivo da vila e un dos artistas galegos máis internacionais do século XX.

2ª Planta

Servía como espazo da cociña, comedor e resto dos servizos, contando cunha ampla lareira e unha latrina na súa cara oeste. Nas súas caras leste e sur contaba con seteiras, e na norte cunha ventá gótica de arcos lobulados, que probablemente daba a un balcón que corría por todo o muro.

Actualmente esta planta está dedicada á vila de Pontedeume na Idade Media e ás revoltas irmandiñas.



1ª Planta

Planta do corpo de garda, onde se aloxaban os soldados. Ademais da parte de acceso, conta cunha pequena porta de arco lixeiramente apuntado e unha seteira na cara leste, e outra na cara sur.

Actualmente está dedicada á liñaxe dos Andrade e certos aspectos da sociedade medieval.



Planta baixa

Era calabozo en tempos de paz, e puntualmente almacén de víveres e materiais.

Actualmente, acolle a oficina de turismo de Pontedeume, onde, ademais de paneis explicativos e cartografía histórica, pódese contemplar algunha das pezas que se conservaron do antigo pazo.




CENTRO DE INTERPRETACIÓN DOS ANDRADE

Paneis Interpretativos


- Árbore xenealóxica - A casa de Andrade.
- Vida e Costumes.
- A vila de Pontedeume e os seus moradores.
- As guerras irmandiñas



Plantas e Sección do Proxecto de Restauración de 1974



Sección



Planta 3ª

Planta de cuberta

Lendas

Unha destas lendas é a que afirma que existe un pasadizo entre o torreón e o castelo de Nogueirosa, e que outra das súas saídas chegaría ata a estación de ferrocarril. Estes pasadizos serían empregados como vías de comunicación ou para fuxir en caso de perigo, como por exemplo durante as revoltas irmandiñas do século XV.

Minla, unha filla do señor de Andrade, estaba namorada dun mozo dos arredores e miraba tódolos días cara a ría para ver ao seu amado cruzala a nado. Pero un día unha tormenta fixo afogar ao mozo. Ante a angustia de Minla, o demo aparecéuselle coa promesa de construír unha ponte nunha soa noite a cambio da súa alma. Mais o amencer sorprendeu ao demo cando aínda lle faltaba un arco para rematar, de tal xeito que Minla puido saltar o oco que quedaba e achegarse ata o corpo do seu amado sen perder a súa alma.




Xardíns da antiga horta do Conde de Andrade

Estaba situada fóra da antiga muralla. Contou cunha historia estreitamente ligada á casa-pazo dos Andrade, pois desde facía séculos ámbalas dúas entidades constituían a principal propiedade dos señores en Pontedeume. Desde 1912 foi espazo público e xardíns desde 1917. Actualmente, son os Xardíns de Lombardero.




MONUMENTOS PONTEDEUME

Ano de construción



RESTAURACIÓN - Dende 1905 a 1974



Antes de 1911


Co escudo situado no seu lado sur

1930

1953

1970

Na actualidade



Fernán Pérez de Andrade, “O Boo”

(m. 1397)
Primeiro señor de Pontedeume, Ferrol e Vilalba, foi un dos principais membros da nobreza galega durante o século XIV.

Destacou polo seu mecenado construtivo e nas letras galegas, así como polas xenerosas doazóns que fixo. Porén, non dubidou tampouco en usurpar terras á Igrexa.

OFICINA DE TURISMO
PONTEDEUME

981 43 02 70



descubre-pontedeume
www.pontedeume.gal

